

# Sempre, 10 de Marzo

■ **Cómpre felicitar-se porque se mantén a chama da celebración neste día, pero sen caer en posicións conformistas canto á dimensión da conmemoración, que non alcanzou aínda o seu teito**

**Xan María Castro**

Presidente da Fundación 10 de Marzo de CCOO

**H**ai xa corenta e sete anos dos tráxicos sucesos do 10 de marzo de 1972. As Comisións Obreiras de Galicia, xa desde que eramos movemento sociopolítico durante os anos que aínda sobreviviu a ditadura, manifestamos a nosa firme vontade de lembrar a data, non só para resaltar o carácter tráxico do acontecido, senón para poñer de relevo a importancia da loita daquel ano 1972 en Ferrol e no conxunto de Galicia.

Esa vontade quedou reflectida anos máis tarde, xa legalizadas as Comisións Obreiras, no Primeiro Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, celebrado en Vigo en 1978, coa decisión de considerarmos o 10 de Marzo Día da Clase Obreira Galega. De aí en diante conmemoramos a data con manifestacións e outros actos, e poñemos en primeiro plano os problemas, reivindicacións e obxectivos da clase obreira galega. Nunca faltou a manifestación en Ferrol, convocada unhas veces en solitario e outras xunto con outras centrais sindicais.

A partir do ano 1992, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, coa colaboración da Fundación que presido, outorga os Premios 10 de Marzo a aqueles homes e mulleres que destacaron na súa traxectoria vital na defensa da clase traballadora, dos valores de liberdade e igualdade.

Este ano os premios concedéronselles aos sindicalistas

Manuel Villares Creo e Aurora Plata Casais, e tamén a Carlos Núñez Rodríguez, histórico dirixente do Partido Comunista. Por suposto, celebrouse a manifestación do día 10 en Ferrol cunha notable asistencia, baixo o lema «polo emprego e a xustiza social».

A celebración do 10 de Marzo adquiriu unha indiscutible continuidade, nunca faltamos a esa cita. Pero, preciso é recoñecelo, a súa dimensión foi desigual nos distintos períodos por múltiples motivos que sería moi extenso explicar. Cómpre felicitar-se porque se mantén a chama da celebración neste día, pero sen caer en posicións conformistas canto á dimensión da conmemoración, que non alcanzou aínda o seu teito.

Unha preocupación foi sempre a institucionalización da data. CCOO propuxo reiteradas veces o súa declaración como día festivo na comunidade autónoma. Malia o recoñecemento polo Parlamento de Galicia, os obxectivos de institucionalización da data están lonxe de acadarse. A isto contribúe, sen dúbida, que outras opcións sindicais non recoñezan o 10 de marzo como Día da Clase Obreira Galega; tamén a insuficiente consideración outorgada polo Goberno e o Parlamento de Galicia ao movemento obreiro na loita polas liberdades e a democracia, e mesmo, na actualidade, ao movemento sindical na defensa dos dereitos de traballadores e traballadoras, dos dereitos da cidadanía.



Na fotografía superior, unha das primeiras manifestacións do 10 de Marzo; na inferior, monumento en Ferrol a Amador e Daniel

Á parte desas dificultades obxectivas, correspóndenos facer un esforzo maior para derrubar un certo «muro de silencio» en relación co Día da Clase Obreira Galega. Para evitar que nunha gran parte da sociedade pase totalmente desapercibido. Valorando o acerto do manifesto (o deste ano e o de anos anteriores) en reflectir os problemas actuais da clase traballadora galega e facer propostas para superar a grave situación, atrévome a expresar algunhas suxestións:

■ Vincular máis o acto central aos problemas concretos e específicos nos centros de traballo.

■ Diversificar máis os actos do 10 de Marzo; posibilitar que mozos e mozas coñezan o significado da data, chegando non só aos centros de traballo, senón aos centros de estudo.

■ Gañar na dimensión dos actos que se celebran, pero atendendo tamén á súa repercusión pública e aos medios de comunicación.